

Suárez Vázquez, Damián (2012): “Algunhas notas sobre vocabularios e outros traballos lingüísticos da época pregaleguista”, en R. Mariño Paz (ed.): *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 385-426.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

**ALGUNHAS NOTAS SOBRE  
VOCABULARIOS E OUTROS  
TRABALLOS LINGÜÍSTICOS DA  
ÉPOCA PREGALEGUISTA**

**Damián Suárez Vázquez**

Instituto da Lingua Galega,

Universidade de Santiago de Compostela



A contribución que preparamos para este volume recolle, en boa medida, a nosa intervención no Simposio “Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea”, celebrado en novembro de 2009. Ocupámonos daquela, e facémolo agora por escrito, dos textos de corte lingüístico que chegaron ata nós producidos sobre o galego ao longo do período pregaleguista, entre os cales predominan os traballos de tipo lexicográfico, como veremos máis adiante. Non pretendemos levar a cabo un estudo completo e detallado de cada unha das pezas conservadas, tarefa que xa foi realizada polos seus diferentes editores en maior ou menor medida; a eses estudos, xunto á imprescindible lectura dos propios textos, remitimos a quen desexe profundizar na historiografía lingüística galega das primeiras décadas do século XIX. O que poderá atopar o lector nas páxinas que seguen é unha descrición xeral das obras conservadas, coa indicación precisa da súa localización e reproducións. Na medida do posible, tratarase de achegar informacións novidasas, especialmente no relativo á autoría dalgunhas pezas que pasaban ata o de agora por anónimas. O traballo complétase con mostras fotográficas dalgúns manuscritos e coa edición dunha das obras comentadas, de difícil acceso na actualidade.

A delimitación cronolóxica adoptada para definir o “período pregaleguista” en que nos movemos é a que se manexa no primeiro volume dos *Papés d’emprensa condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*<sup>1</sup>. Así e todo, aplicamos ese marco cronolóxico de maneira ampla: ao repertorio de textos lingüísticos analizados foron incorporadas dúas obras que rebordan o ano 1846 (as *Apuntaciones sobre lenguas* de Mariano Cubí i Soler e, sobre todo, a *Traducción de algunas voces, frases*

---

<sup>1</sup> Nesa obra optouse por combinar un criterio de tipo lingüístico-bibliográfico para a fixación do *termino post quem* (1797, “cando o primeiro gran xornalista galego, Manuel Pardo de Andrade, estreou o uso da lingua do país nunha cabeceira periódica”) con outro de tipo histórico para o *termino ante quem* (1846, ano do frustrado levantamento militar do comandante Solís) (Mariño Paz / Barreiro Fernández / Aneiros Díaz 2008: 9).

*i locuciones gallegas* de Eugenio Reguera<sup>2</sup>) e unha terceira de datación dubidosa (o *Vocabulario Gallego-Castellano* de Vicente Payzal<sup>3</sup>).

Son poucos os materiais conservados deste período de 50 anos que nos ocupa. Constitúen en xeral traballos non moi extensos, de limitada concepción e que permaneceron inéditos no seu momento, algúns mesmo ata non hai moitos anos. En total referirémonos nestas páxinas a oito pezas elaboradas por sete autores diferentes. Como xa indicamos, a maioría son obras de tipo lexicográfico: catro vocabularios de voces galegas e tres glosarios máis de voces da xerga dos canteiros, todos eles redactados en castelán, aos que debemos engadir unha serie de reflexións sobre a orixe das linguas de España, a única peza publicada na época<sup>4</sup>. Ademais, dedicaremos un apartado específico ás breves notas sobre o galego que acompañan dous dos vocabularios. Damos comezo a este traballo cunha breve descrición do contexto social e lingüístico en que foron producidas as obras que constitúen o noso obxecto de estudo.

## 1. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA E A CONSIDERACIÓN DA LINGUA GALEGA DURANTE O PERÍODO PREGALEGUISTA<sup>5</sup>

Pódese afirmar que a gran maioría da poboación de Galicia a comezos do século XIX, entre 1.300.000 e 1.400.000 habitantes, era monolingüe en galego, unha situación que se mantivo sen grandes mudanzas ata ben entrado o século XX. Para as maioritarias camadas populares de campesiños, artesáns e mariñeiros, o uso do castelán non era nin posible (debido á precariedade do sistema escolar nas zonas rurais e tamén aos baixos índices de escolarización<sup>6</sup>) nin necesario naquel

---

<sup>2</sup> Non quixemos desatender estas obras concibidas e iniciadas dentro do período analizado; non obstante, somos conscientes das importantes diferenzas que separan a *Traduccion* do resto dos traballos.

<sup>3</sup> Elaborado en data posterior a 1791, pero do que non podemos ofrecer maior precisión cronolóxica.

<sup>4</sup> Non van ser obxecto da nosa análise, debido á súa escasa entidade, dúas coleccións de voces galegas compiladas ou publicadas entre 1797 e 1846. Referímonos á listaxe de nomes de aves de Amandi recollida por frei Tomás Guitián en 1800 (Suárez Vázquez 2007: 358-359) e mais ás palabras que Ramón Cabrera (1754-1833) manexa no seu *Diccionario de etimologías de la lengua castellana* (1837: 233 e 269-270) para exemplificar algunhas diverxencias evolutivas entre esta lingua e o galego, posiblemente extraídas dalgún escrito do padre Sarmiento.

<sup>5</sup> Neste apartado seguimos fundamentalmente as opinións e informacións de Ramón Mariño Paz, o principal coñecedor desta etapa da historia lingüística de Galicia.

<sup>6</sup> Os datos de que dispoñemos para o ano 1845 falan de apenas un 3,34% de poboación galega escolarizada (Mariño Paz 2008: 188).

contexto histórico caracterizado por unha escasa mobilidade social e xeográfica (Mariño Paz 2003: 13). Así e todo, nalgúns escritos conservados daqueles anos que reproducen diálogos de personaxes populares, constátase o emprego do castelán por parte de individuos singularizados “quer polo relativo progreso social que ostentan, quer polas súas estadías fóra de Galicia” (2003: 14). Son, en realidade, variedades de castelán moi agalegadas, que responden a unha finalidade humorística, pero que testemuñan unha situación de cambio lingüístico que se foi consolidando co paso do tempo.

Por outra parte, aínda que minoritario, o castelán era o idioma dominante. O seu uso estaba cada vez máis asentado entre as clases acomodadas dos espazos urbanos, que pouco e pouco foron abandonando o galego como lingua de expresión familiar e coloquial<sup>7</sup>. Estes reducidos grupos de castelanfalantes, xunto con outros de procedencia non galega, funcionaron como modelo lingüístico das persoas de estrato social máis baixo que comezaban a empregar o castelán. Hai que matizar, con todo, que o inicio e o desenvolvemento do proceso castelanizador non seguiu o mesmo ritmo en todas as cidades galegas, como se desprende da situación observable hoxe en día. Núcleos como Ferrol ou A Coruña foron os máis rápida e intensamente castelanizados<sup>8</sup>, mentres que o impacto do proceso de substitución lingüística foi menor en Lugo, Ourense ou Santiago de Compostela.

O que parece claro é que nos inicios do século XIX estaba asentada de forma maioritaria, polo menos entre as elites letradas, unha serie de ideas negativas sobre o galego que se foran consolidando en épocas anteriores. Así, non se lle daba a consideración de idioma autónomo, e facíase pasar por dialecto ou variedade vulgar do portugués ou, máis frecuentemente, do castelán. Era unha lingua da que non se coñecía un cultivo literario recente ou antigo (deste só había noticias moi imprecisas), e que polo tanto se cría non apta para produci-lo. Falábase, en fin, da súa gran variación diatópica, máis suposta ca real, que hai que entender tendo en conta a inexistencia dunha variedade de referencia para as diferentes

---

<sup>7</sup> Sobre o proceso de desprazamento do galego polo castelán entre os diferentes grupos sociais do século XIX, véxase Mariño Paz (2008: 191-193).

<sup>8</sup> A este respecto, resultan significativas as opinións e as condutas lingüísticas reflecticas nun longo romance ferrolán de 1777, conservado no Archivo Histórico Nacional de Madrid e de próxima publicación.

variedades lingüísticas, que eran case exclusivamente as da oralidade popular<sup>9</sup>. É certo que fronte a estas ideas xeneralizadas se alzara, xunto a algunha outra, a voz de frei Martín Sarmiento (1695-1772), que en varios dos seus escritos argumentaba enerxicamente contra as opinións imperantes na súa época, acadando, iso si, unha repercusión máis ben escasa. A lingua galega, en definitiva, constituía unha variedade lingüística menosprezada, sobre a que moi poucos autores do período pregaleguista chegaron a facer algún tipo de defensa ou eloxio. Unha das excepcións témola en Manuel Pardo de Andrade (1760-1832), que en 1809 falaba do galego en termos de lingua “muy dulce al oído”, destacando nela a abundancia de ditongos ou as vacilacións vocálicas que lle daban “más variedad y armonía a las palabras”. Porén, non podería dicirse que entre estas tímidas voces houbera unha vontade de promoción social ou institucional da lingua (Mariño Paz 2005: 202).

Interéanos destacar que no período pregaleguista apareceu unha modesta circulación de impresos en lingua galega, restrinxida ás breves etapas liberais en que houbo liberdade de expresión e de imprenta. Son textos de circunstancias en prosa ou en verso, pouco elaborados, que se enmarcan no contexto de resistencia á invasión napoleónica e, sobre todo, no das loitas políticas entre absolutistas e liberais. Con eles, a través da súa difusión mediante a lectura en voz alta en espazos públicos, persoas dun e doutro bando, aínda que en menor número os absolutistas, pretendían influír na opinión das masas populares galegófonas. Estes textos, limitados formal e tematicamente, presentan en xeral unha escasa elaboración lingüística; os seus autores limitáronse a reproducir con maior ou menor acerto a lingua oral e coloquial das clases populares<sup>10</sup>, ben porque carecían doutros modelos lingüísticos para imitaren, ben porque deste modo o seu discurso chegaría máis eficazmente ao público destinatario.

Xunto a estes rudimentarios escritos en lingua galega, o período pregaleguista tamén nos deixou algunhas obras de tipo lingüístico, modestas, de que imos tratar a continuación.

---

<sup>9</sup> Esta opinión, como veremos máis adiante, é recorrente entre os autores do período pregaleguista que se ocuparon de describir o galego.

<sup>10</sup> Se ben o resultado final puido verse máis ou menos interferido polo castelán en que foron educados e alfabetizados os distintos autores.

## 2. A PRODUCCIÓN LINGÜÍSTICA DO PERÍODO PREGALEGUISTA

### 2.1. Vocabularios de lingua galega

#### 2.1.1. O Vocabulario Gallego-Castellano de Vicente Payzal (ca. 1800)

Pódese datar no tránsito dos séculos XVIII a XIX esta obra de 900 entradas<sup>11</sup>, elaborada polo padronés Bernardo Vicente Payzal de Cruces (1752-1836). O seu manuscrito consérvase na Real Academia Galega desde 1906 (sinatura MO/5.14.2) e foi o primeiro en editalo Manuel Ferreiro (1994)<sup>12</sup>, aínda que xa con anterioridade puido ser consultado e aproveitado no seo da Academia por dicionaristas como César Vaamonde ou Eladio Rodríguez. Trátase dunha copia bastante coidada, cos lemas agrupados pola súa letra inicial e talvez incompleta na actualidade, pois faltan as palabras correspondentes ás letras B, T e Z.

En canto ao autor, é moi pouca a información de que dispoñemos. Apenas se sabe que estudou Leis na Universidade de Santiago entre 1777 e 1785 e que morreu solteiro na súa vila natal á idade de 83 anos. Se cadra estaba emparentado con Fr. Fabián Paizal, tamén de Padrón, que foi abade de Oseira a partir de 1807 (Murguía 1862: 75).

O vocabulario de Payzal presenta o formato típico dos repertorios léxicos do século XIX e de boa parte do XX, en canto ao seu carácter bilingüe galego-castelán. Non obstante, xa nos referimos noutro lugar (Suárez Vázquez 2007: 364) á singularidade do traballo, que ten como obxecto preferente de interese as equivalencias do castelán e non tanto as entradas en galego. Todo parece indicar que o autor elaborou un recurso co que poder acceder con facilidade a certas voces “escuras” ou “difíciles” do castelán académico a partir das formas galegas que el coñecía. Vallan como exemplo do que dicimos estes catro artigos da voz *garda*:

**Garda**, la parte dela llabe que tiene los cortes....Paletón

**Garda**, dela llabe....Guarda

<sup>11</sup> Son 905 en total, pero 5 delas aparecen repetidas.

<sup>12</sup> Unha edición máis recente foi incorporada á versión en liña do *Diccionario de diccionarios* (<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>).



deste vocabulario estivo relacionada con actividades de tipo profesional do seu autor.

### 2.1.2. O vocabulario de José María Segovia (1823)

Este modesto repertorio lexicográfico forma parte duns anónimos *Apuntes para escribir la Historia de la Coruña*, manuscrito da Real Academia de la Historia de Madrid (sinatura actual 11/8335), onde vai precedido dunhas notas descritivas sobre o “Dialecto de Galicia”. A “parte lingüística” do manuscrito foi editada por vez primeira en 1958 por José Luis Pensado<sup>14</sup>, e máis recentemente fíxoo Javier López Vallo (2004), que publicou todo o texto orixinal do volume<sup>15</sup>. O conxunto da obra dista de ser un traballo acabado; está constituído por un compendio de materiais diversos e de anotacións persoais máis ou menos elaboradas cos que talvez se pretendese preparar para o prelo unha historia descritiva da cidade da Coruña. Este carácter provisorio dos *Apuntes* afecta igualmente á parte do vocabulario, que presenta numerosos engadidos e correccións.

Por unha serie de circunstancias editoriais, a edición de Pensado tivo que ser preparada con certa urxencia, como el mesmo reconece no prefacio da edición. Non puido levar a cabo “el estudio demorado de algunas voces y formas [...] que no dejan de suscitar algún problema curioso” (Pensado Tomé 1958: 277), un estudo que anuncia para unha futura publicación e que, polo que sabemos, non chegou a facer. Tampouco puido efectuar máis indagacións sobre a autoría do texto (supona dun militar de orixe castelá) e a súa data de composición (que estima anterior a 1833) ca as que o propio vocabulario deixaba entrever. Ultimamente soubemos que estes e outros puntos tamén suscitaron as reflexións de Ramón Piñeiro (editor do traballo) en carta a Isidoro Millán (intermediario entre Piñeiro e Pensado) nos días en que se ultimaba a publicación da obra:

Totalmente de acordo coa tua opinión sobre a importancia intrínseca de tal vocabulario, que é mínimamente [sic] “lingüístico”, pois a imprecisión sinificativa das voces i a confu-

<sup>14</sup> A súa edición do vocabulario incluíuse no *Diccionario de diccionarios* (<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>).

<sup>15</sup> Prescinde dos folios en que o autor se limitaba a copiar fragmentos de obras xa impresas con informacións da súa utilidade. Curiosamente, López Vallo parece descoñecer a edición previa de Pensado, que non menciona no seu traballo.

sión do galego co castrapo resultan moitas veces pintorescas. A impresión que dá é que se limitou a recoller o que lles ouvía decir as súas criadas, unha das cales debía ser de Mondoñedo e outra de Santiago, e cicais outra de Tuy, pois tales son as referencias xeográficas a que máis espresamente se refire. Por eso abundan tanto os nomes de peixes e de froitas, así como os disparates castrápicos. Bótase de ver que non recabou ningún asesoramento de persoas cultas do país. Por un detallado exemplo cuartelario que pon semella, nefeito, que fose militar. Con todo, algo raro resulta que un militar español de comezos do XIX —e de calquera data— seipa escribir coa relativa precisión terminolóxica con que o autor do vocabulario se manexa dentro do castelán. Podería ser outra cras de funcionario, por exemplo un funcionario xudicial destinado na Cruña ¿Non coidas? Craro que non é cousa de moita trascendencia o identificarlle a verdadeira personalidade. (Cochón & Villar 2009: 107-108 [a carta ten data do 12/4/1958])

Non ían mal encamiñadas as observacións de Piñeiro, como podemos comprobar grazas ao traballo de López Vallo (2004: 180-181), que dá sólidos argumentos para atribuír o manuscrito ao militar madrileño José María Segovia y Herrera (1786-1848). Pertenceu este personaxe ao estamento nobiliario, e na súa calidade de nobre iniciou a carreira militar en 1802. A súa activa participación na Guerra da Independencia levouno por diversos territorios da xeografía española (Valencia, Navarra, Aragón, Andalucía...), onde se foi familiarizando con algún vocabulario dialectal e coa variación lingüística peninsular, como se desprende da lectura das súas notas sobre o “Dialecto de Galicia”. Despois da volta de Fernando VII a España, José María Segovia remata a súa carreira militar e en 1815 inicia unha escalada por diversos cargos administrativos, que o levarán á Secretaría de Guerra antes de 1820 e á Intendencia Xeral do Exército e Reino de Galicia entre 1825 e 1829. Realista convencido, trasládase precautoriamente a Francia tras o acatamento constitucional do rei en 1820, pero é detido e encarcerado ao seu regreso e, finalmente, confinado na cidade da Coruña durante un ano, de xuño de 1822 a xuño de 1823. Neste período é onde debemos situar a elaboración dos seus *Apuntes* e, por tanto, do vocabulario galego (López Vallo 2004: 181-188).

A meirande parte das voces compiladas por José María Segovia pertence ás esferas dos ámbitos culinario e doméstico (nomes de peixes e mariscos, froitas, verduras, doces, pezas do vestiario, utensilios da cociña...), ademais doutras pa-

labras de uso frecuente. É doado imaxinar que estas voces proveñen do que o vocabularista lles escoitaría falar ás súas criadas, como ben apunta Piñeiro, que atina ao supoñer que unha delas debía de ser de Mondoñedo: cando o autor do manuscrito quere describir a idiosincrasia dos galegos, que fai de maneira non exenta de graza, pon precisamente como exemplo unha criada súa, de 30 anos de idade e natural de Mondoñedo<sup>16</sup> (López Vallo 2004: 284).

A previsión do autor fixo que fose anotando as voces correspondentes a cada letra en follas diferentes, de maneira que se o volume de entradas recadadas dunha determinada letra era amplo (como ocorreu co *C* e co *M*), podería agregar novas follas ao vocabulario sen que se vise desvirtuada a súa organización inicial. Así e todo, o noso autor nunca se propuxo levar a cabo un estudo extenso sobre o galego, que consideraba innecesario pola súa semellanza co castelán e mesmo non pertinente para o traballo que tiña entre mans:

Sería muy molesto si me estendiese a formar un completo diccionario y una gramática de la lengua gallega, diferenciandose tan poco del castellano y siendo ageno de la descripción de un pueblo particular que me he propuesto pero no dejaré de ponerte algunas observaciones que he hecho: una corta nomenclatura de las voces más usuales y una canción del país para que se vean allí reunidas.

(Pensado Tomé 1958: 279)

Á hora de facer unha valoración deste traballo, deberíase ter en conta que o interese de José María Segovia polo léxico galego foi meramente circunstancial e limitado desde un primeiro momento:

He averiguado si se habia formado algún diccionario del gallego y no existe, por lo que he ido recogiendo algunas voces que apuntaré a continuación, para que veas su correspondencia en castellano.

(Pensado Tomé 1958: 278)

---

<sup>16</sup> Talvez do territorio da antiga provincia e non necesariamente da cidade.



(Vasconcellos 1902: 199-201). Na actualidade estamos en condicións de atribuír con seguranza o traballo ao bibliófilo e erudito madrileño Luis Usoz e datalo nese mesmo ano de 1843.

Hoxe en día, a figura de Luis Usoz y Río (1805-1865) é recordada entre outras cousas pola súa importante colección de libros prohibidos, que se conserva desde 1873 na Biblioteca Nacional. Chegou a reunir máis de 10.000 volumes de autores heterodoxos, sobre todo de reformistas españois, cos que puido documentar as súas edicións da serie “Reformistas Antiguos Españoles”: entre 1847 e 1865 deu ao prelo 24 títulos de autores censurados ou prohibidos e, por tanto, de complicado ou imposible acceso en territorio español (Ricart 1973: 485 e 491). Para levar a cabo esta tarefa compiladora e editorial, empregou unha inxente fortuna e contou coa axuda dunha ampla rede de axentes e colaboradores, imprescindibles para localizar e adquirir os volumes desexados nos principais mercados europeos e poder introducilos subrepticamente en España<sup>18</sup>. Pero, ademais, Luis Usoz foi un grande afeccionado ás linguas. Formado en humanidades e dereito en Alcalá de Henares e Boloña, chegou a dominar e a traducir con soltura inglés, francés, italiano, grego ou hebreo. Sabemos agora que o seu interese tamén abrangueu o galego e mesmo a xiria dos canteiros pontevedreses, como veremos máis abaixo.

O manuscrito das *Vozes gallegas* presenta a caligrafía inequívoca de Luis Usoz e aparece redactado coa súa característica ortografía de tipo fonético. Está integrado por un mazo de fichas lexicográficas escritas por unha soa cara e encadernado en tapa dura da época. Na súa parte material é idéntico a outro volume da BN, a un repertorio de voces do *Latín dos Canteiros* (Mss. 7.209), tamén anónimo e datado na Coruña en maio de 1843. Obviamente, as dúas obras comparten a autoría, e grazas a un *Catálogo de manuscritos*<sup>19</sup> do “Fondo Usoz” queda resolta calquera sombra de dúbida: o manuscrito do *Latín dos Canteiros* é atribuído aí ao propio Luis Usoz e descríbese como un “Manuscrito autógrafa. Un legajo de papeletas”<sup>20</sup>. Temos constancia da presenza do insigne erudito en Galicia, polo menos de decembro de 1842 a xaneiro de 1843 (Vilar 1994:

<sup>18</sup> Sobre este particular é moi recomendable a lectura do traballo de Juan Bautista Vilar (1994).

<sup>19</sup> O *Catálogo de mss. de la biblioteca de D. Luis de Usoz y Río* (Mss. 7.207) foi iniciado polo propio Usoz e continuado por algún dos seus colaboradores antes de chegar á BN.

<sup>20</sup> Non atopamos o rexistro das *Vozes gallegas* no *Catálogo*, que non parece completo no seu estado actual.

406, en nota), aínda que por causas aínda non ben coñecidas<sup>21</sup>. Non sabemos se a súa estancia en terras galegas foi ininterrompida ata o 24 de maio de 1843, cando data na Coruña o prefacio do *Latín do Canteiros*; en calquera caso, estes meses deben de corresponderse co período de compilación dos materiais das dúas obras coñecidas.

Os materiais recadados en Galicia moi probablemente foron organizados, completados e pasados a limpo xa de regreso en Madrid, onde don Luis tivo oportunidade de consultarlles algunha cuestión aos seus coñecidos galegos:

Fontán, el Diputado, me dijo que llaman *godallo* en Galicia á uno envanecido de su nobleza: á un *vanistorio*, como se dice familiarmente. Por consiguiente, parece que *godallada* será fantasmoría, ostentación de vanidad. &c. Sanchez Balsa me dijo, que *godallada* q[uiere] d[ecir], *trampa, arteria, engaño*.  
(Vasconcellos 1902: 216, s.v. *godallada*)

Domingo Fontán Rodríguez (1788-1866), o famoso cartógrafo, foi efectivamente deputado nas Cortes Españolas polo Partido Liberal entre 1836 e 1843. De José Sánchez Balsa, funcionario da aduana de Madrid, trataremos máis abaixo.

Chama a atención que moitas das cántigas rexistradas no vocabulario, coas que se ilustra o uso dalgunhas das voces dicionarizadas, sexan de tipo burlesco ou presenten un contido sexual máis ou menos explícito. En realidade isto non debe de ser alleo á publicación que Usoz acababa de facer do *Cancionero de obras de burlas provocantes a risa*<sup>22</sup>, un anónimo valenciano publicado orixinalmente en 1519 e do que se conservaba un único exemplar, no British Museum de Londres. Talvez estivese en mente de Usoz incluír estes materiais galegos nun *Cancionero*

---

<sup>21</sup> Juan Bautista Vilar (1994: 406) indica que Usoz estivo en Galicia para descansar, mentres que a outras localidades da xeografía española visitadas por esa época, coma Valladolid, se desprazaría para a consulta de arquivos e bibliotecas. Aínda que non hai nada que nos impida supoñer que este tipo de actividade tamén a puido realizar en Galicia (como de feito se comproba lendo a definición de *penedo* no vocabulario), talvez aproveitase a súa visita para establecer contactos cos que garantir a entrada das remesas de libros clandestinos en portos coma o da Coruña, e o seu posterior envío a Madrid, non sempre realizado en condicións idóneas (Vilar 1994: 409).

<sup>22</sup> A obra foi editada en 1841 (Ricart 1973: 481), e non en 1843, como pensaba Leite de Vasconcellos (1902: 210, en nota).

*privado* que precisamente estaba a preparar en 1843 e que deixou inédito. De por parte, o interese do madrileño pola literatura tradicional e popular abrangueu o romanceiro español, sobre o que proxectaba publicar un volume, e a literatura de cordel, da que chegou a reunir unha importante colección de pregos e follas soltas (Ricart 1973: 452-454).

Usoz ampliou o corpus de voces galegas do seu repertorio botando man dalgunhas fontes impresas, fundamentalmente de dúas, que polo seu contido anticlerical ou crítico con certas supersticións serían obxecto especial do seu interese. Foron estas obras os *Rogos dun gallego* de Manuel Pardo de Andrade (na edición coruñesa de 1841) e o romance satírico *La Piliqrina* (1787), de Manuel Freire Castrillón, escrito nun castelán agalegado que Usoz denomina *acurrado*. Outras obras impresas, manexadas con menor profusión, foron a *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia*<sup>23</sup> de Cornide, os *Refranes o proverbios en romance* de Hernán Núñez ou a *Memoria o ensayo sobre la historia de la Real Cárcel de la Coruña* de Antonio Benito Fandiño. Como ningún destes impresos figura hoxe no “Fondo Usoz” da BN, podemos supoñer que foron consultados nalgunha biblioteca galega. Aínda podemos apuntar que baixo a entrada *leira* o autor chega a facer este curioso comentario: “De *leira* se forma el dimin. *leiriña*, que usa el padre Sarmiento en varias obras suyas”.

Obviamente, non faltan entre as *Vozes gallegas* os materiais léxicos de procedencia oral, que son maioría. Poucas veces consigna Usoz o punto en que foron recollidas as palabras que escoitaba, pero esas chégannos para facérmonos unha idea do territorio polo que se moveu o autor: sobre todo as cidades da Coruña e Santiago, pero tamén Betanzos, Ferrol, Caldas de Reis, Moraña e a provincia de Lugo.


En conxunto, os distintos materiais conforman unha obra modesta, pero sen dúbida interesante tendo en conta a precariedade do período en que nos movemos.

---

<sup>23</sup> Citada como *Historia de la pesca en Galicia*.

Levár, v. Llevár. Dice un cantár.  
= O crego cando enamora,  
ofrece moitos ucharos;  
namora, crego, namora,  
que t'an se levár os diablos =

El dialecto gallego es constante en re-  
pugnár la ll. - Así dice calár p.<sup>o</sup> ca-  
llar. Falar, por hablar lle. y sin  
embargo en las voces latinas en donde  
hay juntas li, el gallego usa de la ll.  
vz. Lat. Mulier. Galleg. Muller.



Perfreva, sf. Pestaña. Quizá viene del ital.  
palpebra, q.<sup>l</sup> significa lo mismo. Es  
voz prov. en Galic. del lenguaje q.  
llaman acurrado.



### 2.1.4. A Traducción de Eugenio Reguera (1840-a. 1866)

En 1984 o historiador Ramón Villares atopou entre os fondos do Archivo Histórico Nacional de Madrid esta interesante recolleita de voces galegas (Pensado 1985), que finalmente foi editada por José Luis Pensado en 1995<sup>24</sup>. O manuscrito (sinatura L.1051) leva por título *Traducción de algunas voces, frases i locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al Castellano* e é unha obra anónima. Actualmente está ben probada a súa atribución ao pontevedrés Eugenio Reguera y Pardiñas (1806-1866) (Xove Ferreiro 2009: 255-257), pero cómpre saber que cando se publicou, non hai aínda moitos anos, saú sen nome de autor. Decía Pensado daquela:

Non sabemos quen foi o seu autor, aínda que D. Ramón Villares suxírenos que foi Eugenio Reguera y Pardiñas, gobernador civil de Lugo. Robustece e confirma a súa opinión a seguinte ficha que aparece asinada coas letras iniciais do seu nome e primeiro apelido: “Sobreira. Alcornoque. Latín *suber, suberis*. Díjose 1º sobere(r)ira, 2º después sincopado: *sobreira*. Observación mía. E. R.

(Pensado 1995: 6)<sup>25</sup>

Así e todo, o editor da peza incide en que “a letra do manuscrito é bastante variada e irregular” e que “parece de diferentes mans e tamaños” (1995: 5). A nosa impresión, sen facermos un estudo caligráfico detido, é que o conxunto dos materiais corresponden a unha mesma persoa, e que as diferenzas apreciables no tamaño e no trazado da letra poderían explicarse tendo en conta o dilatado arco cronolóxico en que foi elaborada a *Traducción*<sup>26</sup>, ademais das diferentes circunstancias en que deberon de ser escritos os múltiples retallos que compoñen a obra

<sup>24</sup> A edición foi incorporada posteriormente, con anotacións, á terceira versión do *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina (2003). Na actualidade é posible consultar a reprodución fotográfica do orixinal manuscrito no *Portal de Archivos Españoles* (<http://pares.mcu.es/>).

<sup>25</sup> Xosé Xove Ferreiro (2009: 255-256) dá outros argumentos de carácter biográfico para esta atribución autorial. Pola nosa parte, podemos engadir que no folio 114r do manuscrito (non recollido por Pensado na súa edición) a entrada *atador* foi escrita sobre un papel onde se pode ler riscado o nome “S.º D.º Eugenio Reguera” (véxase a imaxe). Seguramente se trate do sobre reutilizado dun envío postal.

<sup>26</sup> Probablemente durante máis de 20 anos, entre 1840 e con anterioridade ao falecemento do autor, en 1866. Como observa atinadamente Xove Ferreiro (2009: 256, en nota), a data de remate da *Traducción* proposta por Pensado, o ano 1858, non é correcta.

tal e como hoxe a coñecemos. En calquera caso, a posible presenza de segundas ou terceiras mans no traballo apenas nos permitiría testemuñar puntuais colaboradores de Reguera.


Precisamente, moitas das follas do volume están compostas por papeis encolados de diferentes tamaños e formas. Vese que o autor quixo darlles orde aos materiais recadados ao longo dos anos agrupando as palabras pola súa letra inicial, aínda que sen chegar a aplicar unha ordenación alfabética interna para cada letra. É probable que fixese unha copia en limpo desta obra, ou mellor aínda, que preparase unha versión máis acabada dela, xa que a maioría das entradas aparecen riscadas. En todo caso, do que non hai dúbida é de que nos atopamos ante un borrador, ante uns materiais en estado embrionario sobre os que Reguera, ou talvez outra persoa, puido seguir traballando. Neste sentido é elocuente a desproporción entre unhas entradas e outras: atopamos desde voces ou expresións definidas simplemente mediante un equivalente en castelán (*a eito, abella, agulleiro, baga, barrela...*) ata outras onde o autor se estende con amplitude recollendo informacións diversas (*carrasco, g, gaita, moca, navos brancos...*). A presenza de materiais duplicados (*cañóns, jenos, levado, ouca, saramago, tenza...*), as abondosas correccións na redacción ou os engadidos marxinais reforzan tamén esta idea.

Na opinión de Pensado, a *Traducción* foi “acaso mejor que los [diccionarios] que le siguieron, porque no da mucha acogida a las voces ciudadanas, que no faltan desde nuestro primer diccionario, aunque sean descarados castellanismos” (1985: 65); ademais, a obra “sigue un poco la tradición dieciochesca, no la decimonónica, en eso de localizar el uso de las palabras” (66). En efecto, para boa parte das 1.161 entradas contabilizadas<sup>27</sup> consígnase o lugar de recollida, e mesmo nalgún caso se ofrece información sobre o informante ou o contexto en que foi usada unha determinada palabra. É moi probable que esta práctica estivese inspirada no exemplo de frei Martín Sarmiento, cuxa obra, polo menos parcialmente, coñecía Reguera<sup>28</sup>.

<sup>27</sup> Hai que ter en conta que Pensado crea entrada para voces galegas non dicionarizadas por Reguera, que figuran no corpo dos artigos lexicográficos. Así e todo, cumpriría revisar esta edición para acadarmos unha cifra máis axustada.

<sup>28</sup> Xa Pensado aclarou que a etimoloxía proposta para a voz *carvallo* na *Traducción* provén da *Disertacion sobre las virtudes maravillosas y uso de la planta llamada carqueixa* (1786), e que ademais na propia obra se pode ler unha curiosa mención ás “obras inéditas” de Sarmiento (Pensado 1995: 8). O uso da grafía <hum-ha> (91) tamén revela a influencia do beneditino.

Non sabemos se o autor chegou a considerar nalgún momento a posibilidade de publicar este traballo. Se cadra, a creación en 1856 da Escuela Superior de Diplomática en Madrid, que demandaba materiais para o estudo do galego, supuxo a oportunidade de darlle saída pública á obra e, xa que logo, un bo incentivo para que Reguera preparase unha versión máis acabada dela.



Archivo Histórico Nacional. Folios 113v e 114r (inéditos) da *Traducción* de Eugenio Reguera

## 2.2. Vocabularios de falas gremiais

### 2.2.1. *A Verba dos Arginas* de José Arias Teixeira (ca. 1810)

A breve peza de que nos ocupamos agora foi dada a coñecer por Xosé María Álvarez Blázquez en 1961. Apareceu copiada nun pequeno caderno escolar que, grazas á súa peculiar caligrafía, o editor puido atribuír sen dificultade a José Arias Teixeira y Co-

rra (1799-1867), futuro Ministro Universal do pretendente D. Carlos e destacado entomólogo. O caderno pertence á época de estudante de Leis en Santiago de José Arias (ca. 1816-1821); non obstante, Álvarez Blázquez suxire a posibilidade de que os materiais conservados fosen colixidos con anterioridade, cara a 1810, durante a estancia do autor no Colexio de Lérez, onde foi cursante de Latinidade. Sexa como fose, esta obra non deixa de supoñer unha contribución modesta, de apenas 62 palabras, que ten como mérito principal o de inaugurar en Galicia unha frutífera tradición de compilacións de voces de falas gremiais que chega ata os nosos días.

Das palabras de Álvarez Blázquez dedúcese que el era o propietario do manuscrito, polo que cabe supoñer que actualmente se conserva no arquivo familiar.

### 2.2.2. O manuscrito 7209 da Biblioteca Nacional de Madrid

Como xa se dixo, a obra que leva por título *Latín dos canteiros*, anónima e datada na Coruña o 24 de maio de 1843, é da autoría de Luis Usoz y Río. É idéntica no seu formato (caligrafía e disposición do texto, forma e tamaño das follas, encadernación) ás *Vozes gallegas*, conservadas tamén na BN. Contén un total de 147 voces ordenadas alfabeticamente, con información gramatical, equivalentes en castelán e, nalgúns casos, propostas etimolóxicas. Nunhas breves palabras limiares, o autor recolle información sobre o uso e extensión da xerga, fai algunha anotación de tipo fonético e dá noticia dunha suposta gramática do latín dos canteiros conservada por un crego de nome N. Vanden. Nun engadido final faise referencia á carta doutro crego, Nicolás Bezares, que nega o punto anterior.

Esta última carta, datada en Morillas (parroquia de Campo Lameiro) o 31 de maio de 1843 e dirixida a José Sánchez Balsa, consérvase dobrada no interior do propio volume. Respondendo nela a un requirimento previo do destinatario, o párroco Nicolás Bezares dá cumprida información sobre a orixe da xerga e o seu uso, ademais de desmentir que se elaborase ningún tratado gramatical sobre a fala gremial dos canteiros; finalmente, describe algúns costumes e o modo de vida dos habitantes da súa contorna.

O feito de o *Latín dos canteiros* ser obra anónima e ir encabezado pola carta dirixida a José Sánchez Balsa, fixo supoñer que este podía ser o autor do traballo (Rodrigues Gomes 2008: 124). En realidade, o personaxe foi un estreito colaborador de Usoz, con quen compartía ideas relixiosas e que mesmo asistía ás reunións

clandestinas e cultos evanxélicos por el promovidos. Sabemos ademais que, desde a súa posición de funcionario da aduana de Madrid, serviu de extraordinaria axuda á hora de introducir as remesas de libros prohibidos que chegaban desde diversos puntos de Europa (Vilar 1994: 406-409). Pola carta de Bezares vese que Sánchez Balsa operou tamén neste caso como intermediario de Usoz: cando se di nela que “he recibido su atenta carta seguida á otra q.<sup>e</sup> dirigio a V. el caballero q.<sup>e</sup> la suscribe” ou, máis adiante, “Si, como dice ese caballero, le aseguraron haver visto una especie de arte”, estase a facer referencia, sen nomealo, ao bibliófilo madrileño.

No interior do volume que nos ocupa aínda se conservan outros dous vocabularios manuscritos de voces de canteiros, con distintas caligrafías que non demos identificado pero que están claramente relacionados entre si. O primeiro deles recolle 62 voces<sup>29</sup> cos seus equivalentes en castelán. O segundo, escrito en dúas follas, contén unha lista de palabras en castelán para as que se consignan ata 168 termos de canteiros<sup>30</sup>, aínda que non todas as entradas teñen anotado o seu equivalente (*aldea, alforjas, aquel, Castilla, cesta, coles...*). Jorge Rodrigues advirte da especificidade destas dúas pezas dentro da tradición de repertorios de voces do *verbo e*, tendo en conta varios dos seus trazos lingüísticos, conclúe que os seus informantes deberon de ser canteiros cántabros da comarca de Trasmiera, de onde procede a xiria coñecida como *pantoja*, de base castelá. Os materiais recadados por Luis Usoz son, pola contra, de inequívoca procedencia galega (Rodrigues Gomes 2008: 129).

Cómpre advertir que o máis pequeno dos repertorios foi aproveitado para a elaboración do vocabulario inverso. Desta maneira, a práctica totalidade das voces do primeiro aparecen baleiradas no segundo<sup>31</sup>, algunhas con lixeiras variacións ortográficas (como *algarabayas* e *algarabayos* no canto de *algarabaias* e *algarabaios*) e outras ata melloradas (*calcorros* por *calcoros* ou *chacurro* por *chacuro*). Por outra parte, é posible supoñer que esta segunda peza responde a unha encomenda feita por Usoz a algún colaborador seu, para poder coñecer o vocabulario empregado polos canteiros da rexión cántabra e tamén poder comparalo coas solucións colixidas por el en Galicia. Usoz remitiríalle a ese colaborador

<sup>29</sup> Son 63, pero unha aparece repetida.

<sup>30</sup> En total son 179, pero 11 deles aparecen repetidos.

<sup>31</sup> Non ocorreu isto con: *culimaina* ‘puta’, *iriones* ‘bueies’ (pero rexistra *iriona* ‘vaca’) e *jimea* ‘ija’ (recolle *jimeo* ‘ijo’). A entrada *hernamo* ‘hermano’ non aparece no vocabulario inverso por erro de copia, xa que as dúas entradas *yimes yo hernamo hermano* do primeiro manuscrito deron lugar a unha soa no segundo: *Yo Hermano Yimes*.

unha listaxe de palabras en castelán extraída da súa propia recolleita<sup>32</sup>, para que fose completada cos termos trasmeranos. No traballo de resposta, 19 entradas en castelán quedaron sen o termo equivalente, e para unhas cantas máis houbo que artellar unha perífrase en xiria por inexistencia ou descoñecemento da palabra exacta correspondente (*caldera, estafador, leche, rezar, sartén...*).

A primeira tentativa de publicación destes materiais levouna a cabo Ramón Fernández Pousa (1946), quen en dúas entregas da revista *Finisterre* editou a carta de Nicolás Bezares e 25 voces correspondentes á letra A, procedentes da fusión dos tres repertorios descritos. Descoñecemos as causas reais que levaron a interromper a publicación da obra, pero talvez o criterio editorial da revista desaconsellase incluír certas palabras vulgares ou malsoantes presentes nos vocabularios e que deberían aparecer nas sucesivas entregas. Sexa como fose, só un ano despois, Fermín de Sojo editou os vocabularios no seu estudo sobre *La pantoja*, mesturados (pero sinalando a súa orixe) cos materiais recadados por el mesmo na comarca de Trasmiera, pois consideraba que a xerga galega tiña a súa orixe na cántabra. Lamentablemente, non puidemos consultar este traballo, pero en opinión de Rodrigues Gomes (2008: 125): “na obra de Sojo há numerosos erros de lectura na transcriçom do vocabulário dos canteiros galegos”. Esta circunstancia (ademais de que sexa unha obra de difícil localización) animounos a ofrecer agora unha nova edición dos materiais contidos no manuscrito 7209 (véxase Anexo), que tamén poden ser consultados no *Diccionario de diccionarios de xirias* (Santamarina, en liña).


### 2.2.3. As Apuntaciones sobre léguas de Cubí i Soler (1846-1847)

Entre os anos 1843 e 1848, o filólogo catalán Mariano Cubí i Soler (1801-1875) realizou unha serie de viaxes pola xeografía peninsular atento á diversidade das linguas, falas e xergas que nela se usaban, co propósito de reunir datos para unha obra que proxectaba publicar sobre os diferentes idiomas de España. Do seu paso por Galicia, en maio de 1847, conservouse un caderno de viaxe onde rexistrou un breve vocabulario do latín dos canteiros de Pontevedra composto por

<sup>32</sup> A práctica totalidade dos equivalentes en castelán do *Latín dos canteiros* aparece como entrada nesoutra obra, mesmo os de tipo perifrástico (*Jugar a los naypes, Muchacha bonita, ó bella, Peso de 20rs. Duro, Pote, jarro ó vasija...*). Simplemente foron desbotadas nove palabras, dúas talvez por descoido (*cuerno e vaso*) e as restantes por razóns de decoro (*coito, coño, jenitales...*).

50 voces diferentes<sup>33</sup>, así como unha serie de notas descritivas sobre o galego, fundamentalmente de tipo fonético (falaremos delas máis abaixo). Estes e outros materiais do caderno, como os referidos a falares asturianos e leoneses, atópanse nun estado incipiente de elaboración, constituíndo apenas un conxunto heteroxéneo de apuntamentos improvisados que Cubí foi rexistrando a pé de campo. O manuscrito pertencía a Andrés Martínez-Morás y Soria cando, en 1969, Ricardo Carballo Calero preparou a edición da parte galega<sup>34</sup>; na actualidade consérvase entre os fondos da Real Academia Galega (ms. C-338/2).

Aínda que Cubí non chegou a publicar o seu traballo sobre as linguas de España, puido aproveitar as notas recadadas en Galicia para elaborar a “Introduccion” aos *Ensayos poeticos en dialecto berciano* (1861) de Antonio Fernández y Morales, a quen o catalán coñecera en 1847, na viaxe de estudo lingüístico polo noroeste peninsular que o trouxo ata Galicia.



Real Academia Galega. Portada e folla co vocabulario dos canteiros das *Apuntaciones sobre linguas* de Mariano Cubí

<sup>33</sup> Son en total 53, pero tres delas aparecen repetidas.

<sup>34</sup> Anos máis tarde, en 1983, Carballo volveu publicar o seu traballo, nesta ocasión traducido ao galego.

### 2.3. Notas descritivas sobre a lingua galega

Dos autores referidos, José María Segovia e Mariano Cubí i Soler dedicaron algún espazo nos seus traballos a describir a lingua que escoitaron na súa estancia en terras galegas. Trátase en ambos os casos de anotacións breves de tipo contrastivo, en que se dá conta dos trazos máis característicos do galego fronte ao castelán, ou polo menos os que a eles lles resultaron máis rechamantes. O traballo de Cubí, centrado nos aspectos fonéticos, resulta o máis preciso e sistemático dos dous, como cabía esperar<sup>35</sup>.

José María Segovia fala nas súas anotacións da escasa diferenza existente entre castelán e galego, aínda que esta non lle impide emparentar o galego co portugués, atendendo razóns lingüísticas e históricas, e seguindo tamén o autorizado criterio dos xesuítas Esteban de Terreros (1707-1782) e Juan Francisco de Masdeu (1744-1817). Sorprende que no bloque idiomático que denomina *lusitano* inclúa, ademais de galego e portugués, os falares cántabros<sup>36</sup>, e que chegue a afirmar que “un pasiego se distingue de un luguense, como un coruñés de un portugués de Oporto, hablando todos una misma lengua” (Pensado 1958: 278). O interese do contido das anotacións lingüísticas de Segovia non é grande, xa que “sus observaciones son muchas veces inexactas y burdas”, segundo a opinión de José Luis Pensado (276). En realidade, o que o autor fai en ocasións, demostrando escasa pericia, é describir o castrapo dalgúns dos seus interlocutores. Por exemplo, apunta que “el artículo masculino suelen confundirlo algunos pueblos con el neutro: v.g. *Lo vinu*, en vez de *el vino*” (279). Observa, en cambio, que “la gente fina no usa de tanto idiotismo” (280), aínda que tampouco lograba subtraerse por completo á influencia do vernáculo; desta maneira, “¿y luego?” era (e aínda é) unha “expresión muy familiar que repiten con mucha frecuencia, aún la gente fina” (283, s.v. *luego*).

Por outra parte, o traballo de Cubí recolle fundamentalmente unha descrición fonética do galego, no que distingue 26 sons diferentes. Da mesma maneira que José María Segovia, Cubí reparou na existencia da gheada, pero a diferenza

<sup>35</sup> Aínda así, está lonxe das atinadas “Observaciones sobre la pronunciacion del dialecto gallego”, publicadas algúns anos despois polo príncipe Luís Luciano Bonaparte (1861).

<sup>36</sup> Aínda que non se refire expresamente a eles, sobreenténdese que tamén inclúe nese bloque os falares contiguos asturianos e leoneses.

daquel emite valoracións (de tipo negativo) sobre o fenómeno, posiblemente inducidas por algún dos seus contactos en Galicia:

El gallego carece del sonido paladial que representa la *j*. Hay una bastarda pronunciación palatuo-gutural que se oye en algunas limitadas comarcas, usada en vez de *ga, gue, gui, go, gu*; que no puede admitirse cuando se habla de un tipo jeneral que constituya el dialecto gallego. (Carballo Calero 1969: 283)<sup>37</sup>

Entre outras curiosidades cabe indicar que no manuscrito se describen os dous tipos de *e* do galego pero, como indica Carballo, Cubí non parece percatarse de que tamén hai dous tipos de *o*, coma no catalán (281). De igual modo, non fai mención do seseo, que con seguranza tivo que escoitar nas rúas de Compostela. O autor fala, por outro lado, da gran variación diatópica do galego (que “es diferente en cada «parroquia»”)<sup>38</sup> e, en canto ás súas vinculacións lingüísticas, ten claro que forma parte da mesma familia ca o asturiano e ca o castelán antigo. Está claro que, a día de hoxe, o maior valor das observacións de Cubí radica no seu carácter temperán (280).

#### 2.4. As reflexións lingüísticas de Francisco Valle Inclán (1800)

Nas páxinas de *El Caton Compostelano*<sup>39</sup>, o primeiro periódico galego, publicáronse tres *discursos* cunha serie de reflexións eruditas sobre a orixe das linguas

<sup>37</sup> Nos mesmos termos se expresaba en 1843 Antonio María de la Iglesia, nunha nota lingüística ao poema “Cambados. 1836”: “No existe en gallego esa pronunciación gutural de la *j*; o hay que pronunciarla como en francés o se sirven de la *x* los escritores [...] Si dicen *Santiajo* etc los menos instruidos de alguna que otra población de Galicia, no se llame a esto cosa de la lengua sino de un abuso, del prurito de imitar a los castellanos; pero semejante abuso no debe darnos la ley” (Iglesia 2005: 326). O propio Antonio de la Iglesia puido influír na opinión de Cubí, co que parece que mantivo algún contacto (Saurín de la Iglesia 2003: 38-39). En calquera caso, a visión negativa sobre a gheada debía de estar xeneralizada entre as clases letradas de Galicia (Eugenio Reguera (1995: 53) fala dela en termos de *vicio difícil de corrir*).

<sup>38</sup> Circunstancia que tamén destacan José María Segovia (Pensado Tomé 1958: 278) e Eugenio Reguera (Pensado 1995: 55-56).

<sup>39</sup> A edición facsímile dos 21 primeiros números pode consultarse no portal do Consello da Cultura Galega (<http://www.consellodacultura.org/mediateca/extras/caton.pdf>); posteriormente deuse a coñecer un exemplar do número 22, que se conserva no Seminario Maior de Ourense (<http://www.obispado-ourense.com/inst/ensenanza/mayor/biblioteca/doc/catonXXII.pdf>).

de España, da autoría de Francisco Antonio Valle Inclán de los Santos (1736-1804). Pretendía demostrar o bibliotecario da Universidade de Santiago que “las Lenguas que hoy se hablan en España son en su fondo las mismas que nos han dejado los primeros Pobladores” (33); é dicir, rescataba as vellas teorías seiscentistas sobre a primitiva lingua de España (Mariño Paz 2000: 63-64) e negaba a procedencia latina do galego ou do castelán, contradicindo o pensamento imperante na súa época entre os especialistas e rebatendo autores coma Martín Sarmiento ou Juan Francisco de Masdeu. No escrito advírtese, en cambio, un seguimento das teses de Sarmiento no que respecta á consideración do portugués como dialecto do galego e á superioridade das linguas non escritas, que se estiman puras.

As ideas vertidas polo autor no primeiro dos tres discursos foron refutadas polo propio Masdeu, de maneira irónica e mordaz, nos Discursos XXI e XXII da publicación. Así mesmo, na redacción do periódico recibíuse un anónimo (que non chegou a ser publicado) en que se acusaba a Valle Inclán de copiar as súas ideas de fontes non reveladas. Ramón Mariño ve neste feito

un indicio máis que apunta cara á existencia dun certo debate sobre o galego e as linguas na Compostela e na Galicia de entre o setecentos e o oitocentos, un debate en que o bibliotecario Valle Inclán debeu de xogar, certamente, un papel protagonista.

(Mariño Paz 2000: 68)

Outro froito dese debate sería aquela *Disertación sobre el Origen de la Lengua Gallega* do gramático José Labrada, hoxe perdida, de que nos deu noticia o padre Sobreira (Suárez Vázquez 2007: 367-368).

### 3. CABO

O percorrido ata aquí feito pola “producción lingüística” do período pregaleguista fai evidente a súa limitación en canto ao número, tipoloxía, volume e alcance das mostras conservadas. O corpus dispoñible consta apenas de oito pezas, fundamentalmente glosarios e vocabularios de reducido tamaño. Todas elas, agás o traballo de Francisco Valle Inclán, permaneceron inéditas no seu momento, e é probable que algunhas nin fosen concibidas para o prelo. Puidemos comprobar,

ademais, que varios dos traballos, tal e como os coñecemos actualmente, non pasaron de ser simples borradores ou quedaron inacabados.

Esta produción lingüística garda algúns paralelismos coa produción literaria en galego das primeiras décadas do XIX. Pensemos, en primeiro lugar, que moitas das pezas literarias (sobre todo as que quedaron inéditas) e tamén os traballos de lingua apenas deberon de ter repercusión fóra de círculos bastante reducidos<sup>40</sup>. En xeral non parece apropiado falar, xa que logo, de correntes nos traballos en e sobre o galego, senón máis ben de esforzos illados, algo especialmente visible no terreo da lexicografía. En calquera caso é certo que a partir da década de 1840 se ven algunhas mostras de cambio nesta situación: constátase un aumento progresivo na produción literaria en galego (nalgunha medida relacionado coa aparición de asociacións culturais, como a Academia Literaria de Santiago de 1840), e ademais tivo lugar un “descubrimento” da tradición lingüística anterior, grazas á circulación de copias manuscritas dalgunhas obras do padre Sarmiento. Se ben este feito non pasa do anecdótico nun traballo coma o de Luis Usoz, resulta en cambio fundamental se pensamos na produción lexicográfica e lingüística de figuras coma Eugenio Reguera ou, xa fóra do noso período, Francisco Javier Rodríguez (1797-1857) e Juan Manuel Pintos (1811-1876).

É sabido que a lingua empregada nas composicións literarias da época se caracteriza por ser pouco elaborada e por presentar un escaso afán de depuración. Ademais, é totalmente allea a calquera tentativa de fixación gramatical ou ortográfica. Como explica Ramón Mariño:

La demande d'unification de l'orthographe galicienne et, en général, la préoccupation pour que se fasse une variété cultivée unifiée pour le galicien a été, postérieurement, une des préoccupations fondamentales de ceux qui ont appuyé le Rexurdimento [...] Mais à l'époque pré-galicianiste, au début du XIX<sup>e</sup> siècle, on ne donnait jamais les circonstances nécessaires pour que cette fixation puisse se produire, ni même les conditions qui permettraient d'aller de l'avant: la reconnaissance officielle de la langue galicienne étant encore à cette époque une authentique chimère, on ne disposait pas non plus d'institutions ni d'écrivains de prestige entourés d'une *auctoritas* et équipés

<sup>40</sup> É diferente o caso dalgúns exitosos escritos panfletarios de tipo político, que con todo non tiñan máis vixencia ca a que lles daba o mantemento das circunstancias concretas que os orixinaran.

de moyens qui leur permettent de consacrer et de socialiser un modèle qui sera accepté par tous ou presque tous.

(Mariño Paz 2005: 209)

Nese contexto, os autores dos traballos lingüísticos analizados tampouco sentiron a necesidade de propoñer unha codificación para o galego e non foron máis aló de acomodar unha ortografía improvisada para as súas necesidades puntuais. As dificultades que supoñía naquel entón afrontar a escrita en galego quedan de manifesto, por poñer un exemplo, na diversidade de solucións empregadas nos vocabularios para a representación do fonema fricativo prepalatal xordo, alleo ao sistema fonolóxico do castelán: <x> en Payzal (*alxouxere, desexado*); <ch>, <ch^> e <j> en Segovia (*michillon, ochê, jardas*); <g>, <j>, <x>, <x^> en Usoz (*abrangér, aturrujo, lixoso, xiada*) ou <g>, <j> en Reguera (*agiña, feije*).

Outro aspecto que ilustra o paralelismo existente entre a produción literaria e lingüística da época atopámolo na evidente limitación xenérica ou tipolóxica das mostras conservadas en cada caso. Entre as obras literarias son maioría as máis próximas á oralidade e á cultura popular (mostras de poesía festiva ou humorística, diálogos populares) e só a partir de 1840 comezou a producirse un incremento da poesía lírica e narrativa. O galego foi alleo, por suposto, á literatura científica e técnica, ao ensaio ou ás ciencias sociais, pero tamén á prosa narrativa (Mariño Paz 2005: 206-207). Poñendo a vista nas obras lingüísticas, comprobamos que non se chegaron a elaborar gramáticas e que os traballos de tipo lexicográfico, a maioría, son pequenos vocabularios, sen que se coñeza ningunha tentativa de elaboración de dicionarios, que non xurdirán ata a década de 1850<sup>41</sup>.

Parécenos moi significativo o feito de que varias das obras lingüísticas pre-galeguistas fosen elaboradas por non galegos, e en tal medida que o seu esforzo representa a metade dos traballos do período coñecidos ata hoxe. As motivacións

---

<sup>41</sup> José Luis Pensado indica que na *Traducción* de Reguera “cabe toda clase de voces usadas por los campesinos” e que resulta “por tanto un diccionario gallego corriente y moliente” (1985: 65). Aínda así, cremos que na vontade do autor primaba facer unha obra máis restrinxida ca un diccionario de lingua, pois noutro caso optaría por escoller un título coma “Diccionario gallego” ou outro similar. Non convén esquecer, por outra parte, que entre os precedentes setecentistas só o padre Sobreira traballou na elaboración dun diccionario (que, cómpre dicilo, careceu de calquera repercusión ata o século xx), pois non ían nesa liña os importantes traballos de Sarmiento nin, moito menos, a modesta contribución de Cornide.

que os levaron a ocuparse do galego hai que buscalas no seu interese xeral polas linguas (Usoz e Cubí) ou na vontade de completar a descrición dunha localidade de interese estratéxico (Segovia). Fronte a estas motivacións, as dos naturais do país poden resumirse na ampla curiosidade erudita dos seus autores, que tamén atinxiu o ámbito lingüístico (Valle Inclán, Arias Teixeira, Reguera), ou na necesidade de dispoñer dalgún material de tipo práctico para o contexto bilingüe en que se desenvolveron (Payzal). Segundo o estado actual de cousas, chama a atención o feito de que durante as catro primeiras décadas do XIX, entre 1801 e 1840, non se coñeza ningún personaxe galego que prestase atención á súa lingua e que procurase estudala, aínda que fose dun modo rudimentario, pois xa vimos que Payzal tiña o seu interese posto no castelán e que Arias Teixeira se ocupou da xerga dos canteiros, pero non da lingua común.

A situación mudou de maneira substancial, como é ben sabido, nas dúas décadas seguintes: nos anos 50 publicouse *A gaita gallega* (1853, 1857<sup>2</sup>) de Juan Manuel Pintos, xunto ás primeiras entregas dun *Breve diccionario gallego* do mesmo autor, e Francisco Javier Rodríguez, Marcial Valladares e Luis Aguirre del Río iniciaron a elaboración dos seus respectivos dicionarios. Xa nos 60, ademais da aparición póstuma da obra de Rodríguez, moi intervida por Antonio María de la Iglesia, coñecemos a publicación das primeiras descricións gramaticais do galego, debidas a Francisco Mirás, Juan Cuveiro Piñol e, sobre todo, Juan Antonio Saco y Arce. Outros traballos quedaron neses anos sen publicar, como unha gramática histórica de José Rodríguez Seoane, a gramática e o vocabulario anunciados por Ramón Álvarez de la Braña ou o dicionario de Pintos<sup>42</sup>. Esta eclosión de estudos sobre o galego, ademais dalgún outro proxecto non materializado, pódese entender de maneira global como manifestación cultural do progresivo desenvolvemento dunha conciencia identitaria galega diferenciada, da que non se atopan evidencias con anterioridade a 1840. Así e todo, habería que contar coa intervención dalgún outro factor, como a creación da Escuela Superior de Diplomática en Madrid (1856), que demandaba materiais para o estudo do galego, para entender este despegue da lingüística galega no período provincialista, inimaxinable tan só uns poucos anos antes.

---

<sup>42</sup> Para completar a nómina destes anos debemos referirnos tamén á edición da *Recopilacion de muchas palabras, voces y frases de la lengua gallega* de Sarmiento, feita por Pintos en 1859.

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, JOSÉ MARÍA (1961): “Vocabulario «dos arginas»”, *El Museo de Pontevedra* xv, pp. 83-85.
- BONAPARTE, LUÍS LUCIANO (1861) “Observaciones sobre la pronunciacion del dialecto gallego”, en José Sánchez de Santa María: *El Evangelio segun San Mateo, traducido al dialecto gallego de la version castellana de don Felix Torres Amat. Precedido de algunas observaciones comparativas sobre la pronunciacion gallega, asturiana, castellana y portuguesa*. Londres, pp. v-viii.
- CABRERA, RAMÓN (1837): *Diccionario de etimologias de la lengua castellana*. Tomo I. Madrid: Imprenta de don Marcelino Calero.
- CARBALLO CALERO, R. (1969): “Un manuscrito de D. Mariano Cubí y Soler. (Observaciones sobre el gallego y otras curiosidades lingüísticas)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 24, pp. 275-289. [O autor publicou en 1983 unha tradución ao galego deste artigo, recollida no volume *Da fala e da escrita*. Ourense: Galiza Editora, pp. 84-94].
- COCHÓN, LUÍS E MIRO VILLAR (eds.) (2009): *Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971)*. [Santiago de Compostela]: CRPIH [é o volume XIII dos Cadernos Ramón Piñeiro] [<http://www.cirp.es/pub/docs/crp/crp13.pdf> (consultado: 23/4/2011)].
- FERNÁNDEZ POUSA, RAMÓN (1946): “Diccionario del «latín dos canteiros» de Galicia”, *Finisterre. Revista de Galicia* 29 [p. 11]; 30 [p. 19].
- FERREIRO, MANUEL (1994): “Contribución á lexicografía histórica do galego: o vocabulario de Payzal”, *Cadernos de Lingua* 9, pp. 55-88.
- IGLESIA, ANTONIO DE LA (2005): *Poésias*. Edición, limiar e notas de M. R. Saurin de la Iglesia. A Coruña: Real Academia Galega.
- LÓPEZ VALLO, JAVIER (2004): “El diario nº 2 de José María Segovia: La Coruña vista por un ilustrado tardío durante el Trienio Liberal”, *Nalgures* 1, pp. 175-290 [<http://www.estudioshistoricos.com/revista/nalgures1.pdf> (consultado: 21/11/2010)].
- MARIÑO PAZ, RAMÓN (2000): “O debate lingüístico nas páxinas de *El Catón Compostelano*”, en Xosé López García (coord.): *El Catón Compostelano. Estudos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 63-70.
- MARIÑO PAZ, RAMÓN (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacemento. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. A Coruña: Universidade [é a “Monografía 2” da *Revista Galega de Filoloxía*].
- MARIÑO PAZ, RAMÓN (2005): “La culture écrite de la langue galicienne pendant l’époque pré-galicianiste”, en Carmen Alén Garabato (coord.): *L’éveil des nationalités et les revendications linguistiques en Europe (1830-1930)*. Paris: L’Harmattan, pp. 193-219.
- MARIÑO PAZ, RAMÓN (2008): *Historia de la lengua gallega*. München: Lincom.
- MARIÑO PAZ, RAMÓN / X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ / ROSA ANEIROS DÍAZ (2008): *Papés d’emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Edición dos textos, fichas introdutorias e notas de Ramón Mariño Paz. Notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández. Coordinadora da edición: Rosa Aneiros Díaz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- MURGUÍA, MANUEL (1862): *Diccionario de escritores gallegos*. Vigo: J. Compañel. Edición facsímil: Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1999.

- PENSADO, JOSÉ LUIS (1985): “Sobre un nuevo diccionario gallego”, en *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos. (Ensayos)*. La Coruña: La voz de Galicia, pp. 65-67 [artigo publicado orixinalmente en *La Voz de Galicia*, o 28/12/1984].
- PENSADO, X. L. (1995): *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano (1840-1858)*. A Coruña: Real Academia Galega [é o Anexo 2 dos *Cadernos de Lingua*].
- PENSADO TOMÉ, JOSÉ LUIS (1958): “Un vocabulario gallego del siglo XIX”, en *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*. Vigo: Galaxia, pp. 275-286.
- RICART, DOMINGO (1973): “Notas para una biografía de Luis Usoz y Río”, en Evelio Verdera y Tuells (ed.): *El Cardenal Albornozy el Colegio de España*. Tomo III. Zaragoza: Publicaciones del Real Colegio de España en Bolonia, pp. 435-532 [é o volume XIII dos *Studia Albornotiana*].
- RODRIGUES GOMES, JORGE (2008): *Falas secretas. Estudo das gírias gremiais galego-portuguesas e ibéricas*. Ourense: Associação Galega da Língua.
- SANTAMARINA, ANTÓN (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. 3ª versión. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Hai dispoñible unha versión do traballo en liña revisada e ampliada con novas obras: Antón Santamarina (coord.) (en liña): *Diccionario de diccionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. [Vigo] / [Santiago de Compostela]: SLI / ILG. [<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html> (consultado: 23/4/2011)].
- SANTAMARINA, ANTÓN (coord.) (en liña): *Diccionario de diccionarios de xirias. Corpus lexicográfico da lingua galega*. [Vigo] / [Santiago de Compostela]: SLI / ILG. [<http://sli.uvigo.es/xirias/index.html> (consultado: 23/4/2011)].
- SAURIN DE LA IGLESIA, MARÍA ROSA (2003): *Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia. Una biografía intelectual*. Santiago de Compostela: CSIC / Xunta de Galicia [é o Anexo xxx dos Cuadernos de Estudios Gallegos].
- SUÁREZ VÁZQUEZ, DAMIÁN (2007): “Algunhas notas sobre obras menores e traballos perdidos de lexicógrafos galegos do século XVIII”, *Verba* 34, pp. 355-373.
- VASCONCELLOS, J. LEITE DE (1902): “Estudos de philologia gallega. I. Vozes gallegas”, *Revista Lusitana. Archivo de estudos philológicos e ethnológicos relativos a Portugal* VII, pp. 198-229 [[http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/etnologia/revistalusitana/07/revista07\\_pag\\_198.pdf](http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/etnologia/revistalusitana/07/revista07_pag_198.pdf) (consultado: 27/11/2010)].
- V[ALLE] Y[NCLÁN], F[RANCISCO] (1800): “Discurso II”, “Discurso III”, “Discurso IV”, *El Catón Compostelano*, pp. 17-29, 33-46, 49-62. Edición facsímil: Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2000 [<http://www.consellodacultura.org/mediateca/extras/caton.pdf> (consultado: 20/4/2011)].
- VILAR, JUAN BAUTISTA (1994): “La formación de una biblioteca de libros prohibidos en la España Isabelina. Luis Usoz y Río, importador clandestino de libros protestantes (1841-1850)”, *Bulletin Hispanique* 96, pp. 397-416.
- XOVE FERREIRO, XOSÉ (2009): “Un texto inédito de 1842 de Juan Manuel Pintos”, *Boletín da Real Academia Galega* 370, pp. 253-275.

ANEXO

## O *LATÍN DOS CANTEIROS* DE LUIS USOZ Y RÍO (1843)

Editamos a seguir os materiais que integran o manuscrito 7209 da Biblioteca Nacional de Madrid. En primeiro lugar recollemos a obra que conforma o volume propiamente dito, isto é, o vocabulario que atribuímos a Luis Usoz e, a continuación, as tres pezas que se conservaron ata hoxe no interior do volume: a carta do párroco Nicolás Bezares e os dous vocabularios da xiria dos canteiros de Trasmiera<sup>1</sup>.

A nosa edición reflicte escrupulosamente o contido dos manuscritos. Respectamos a ordenación dos orixinais e indicamos en nota ao pé de páxina as dificultades que fomos atopando, xunto con outras observacións que estimamos de interese. Marcamos entre corchetes ([ ]) algunha restitución levada a cabo nos textos 2, 3 e 4, e mais as equivalencias en caracteres latinos das voces hebreas e arábicas do texto 1<sup>2</sup>.

### 1. *Latín dos canteiros*

Coruña. Mayo 24.

Latín dos canteiros. (1843).

El dialecto q.<sup>e</sup> llaman *jerga*, ó *Latín dos canteiros*, y algunos *Monserga*: se habla en toda Galicia jeneralmente, *solo* por los *canteros* y *carpinteros*; pero, en particular se habla en el Valle de Cuntis, Caldas de Rey, y demás inmediaciones de Pontevedra. Y de esos puntos proceden todos los Canteros de Galicia. Las voces siguientes se han recojido de boca de ellos mismos. Los verbos se conjugan como en Españól. La *x* se pronuncia en el *Latín dos canteiros*, como en gallego, i.e. *sh*. Las demás letras, como en castellano. Dicen que de este dialecto ó *jerga* hay una Gramática mss. q.<sup>e</sup> tenia algunos años hace, el clérigo D. N. Vanden, simplista, ó beneficiado simple: pero esto lo niega D. Nicolás Bezares, párroco de Morillas, uno de los pueblos donde se habla esta *jerga*. —El dicho párroco no contestó bien á la carta q.<sup>e</sup> se le escribió, quizá por no haberla entendido. En las 140 y tantas voces q.<sup>e</sup> recojí hay verbos q.<sup>e</sup> el cura no cuenta, puesto q.<sup>e</sup> dice no tienen mas<sup>3</sup>.

**Afiañada**, a. Vestida. Bien afiañadas. Bien vestidas.

**Afuste**, s. Taza.

**Agaviarrár**, v. Prendér.

**Alcamonas**, s.pl. Alforjas.

**Alfaina**, sm. Sastre.

**Alpurrote**, s.m. Ladrón.

**Alpurrrár**, v. Robár.

**Andía**, sf. Onza. Moneda de oro.

**Apilrrár**, v.r. Sentarse. it. Acostarse.

**Arañota**, sf. Trucha. Arañotas. Truchas.

**Areona**, sf. Vaca. pl. Areonas. Vacas. En Gr. Ἄρνος, -ον, ó, significa *cordero*, que tambien es animal patihendido. Es probable pues q.<sup>c</sup> *Areona* proceda de la misma raiz que la voz griega; y sus compañeras = Ἀρνίον. Ἀρν-εϊός. Ἀρν-άκις. &c. Veas. cualquier Léxicon griego.

**Arguina**, sm. Cantero.

**Arpolido**, s.adj. Rico.

**Arria**, sf. Piedra.

**Atrenár**, v. Llenar.

**Ausca**, s. Sol. La etimología de esta voz, procede indudablemente de una de las Lenguas primitivas, pues con las mismas letras, ó raices, se hallan voces, siempre significando, *sol*, *fuego*, ó *ardór*; en árabe, hebreo, persa, fenicio y otras lenguas. En lenguajes de América sucede lo mismo. En *Aymará*, lengua q.<sup>c</sup> se habla en la Paz, Puno y otras partes de la América Meridional

se dice v. g. = “*iscanina apamni*, colque cuchararata, biracocha ataquí”. = “*Fuego* trae en cuchara de plata, para q.<sup>c</sup> el caballero encienda”. *Isanina*, fuego: es la misma raiz q.<sup>c</sup> *ausca*, sol.

**Axoulár**, v. Dormír.

**Azacrán**, s. Vaso.

**Barruas**, s.pl. Jenitales. Compañones.

**Bayo**, sm. Vino.

**Bayorta**, sf. Taberna.

**Buxa**, s. Maestro.

**Bachoa**, sf. Sartén.

**Caicó**, s. Dios. En bascuence *Jaicoa*.

**Caicoa**, sf. Iglesia.

**Caicoeño**, s. Santo. Caicoeños. Santos.

**Calcurreiro**, sm. Zapatero.

**Canfos**, sm. Reló.

**Carrelo**, s. sing. y pl. Costilla, y costillas.

**Catamua**, sf. Cara.

**Caxo**, sm. Frayle.

**Caxubela**, sf. Castilla. (La parte de España)

**Cernia**, sf. Manteca.

**Cernillón**, sm. Aceyte.

**Ciba ó Civa**, sf. Casa.

**Corcozo**, sm. Carpintero.

**Cotea**, s. Puta. Coteas. Putas.

**Curubelas**, s. pl. Patatas.

**Curubillos**, s. pl. Garbanzos. Aluvias. Judías secas.

**Chacurro**, sm. Perro.

**Chirlo**, sm. Carro.

**Dangre**, adj. Grande. Parece la misma voz castellana *grande*, en anagrama, o trastrocadas las letras, para q.<sup>e</sup> no se entienda.

**Degraxo**, v. Correr mucho.

**Entalár**, v. Joder.

**Entalo**, sm. Coito. Ayuntamiento carnál.

**Escarricoa**, sf. Escopeta.

**Escurio**, sm. Cuchillo.

**Ecurias**, s. pl. Tijeras.

**Ecuriaxe**, s. Este es un nombre jenérico, con que expresan toda clase de cosas ó utensilios de hierro como *clavos, cuchillos, navajas, tachuelas, &c.*

**Estafado**, a. Flaco.

**Estafalomaino**, s. Risa.

**Estafár**, v. Morir.

**Fiaño**, sm. Pantalón.

**Forates**, part. Fuera.

**Fumarreira**, sf. Gallina. pl. Fumarreiras.

**Fumarro**, sm. Huevo. Fumarros. pl. Huevos.

**Fustanco**, sm. Palo. Fustancos. Palos. Acallar fustancos ó carrello. fr. por Apaleár. Dar de palos.

**Fustaxe**, s. Leña.

**Fustela**, sf. Cuchara.

**Galrua**, sf. Boca.

**Galleira**, sf. Galicia. P. de España.

**Gandír**, v. Comer.

**Garlupiar**, v. Hablar.

**Greda**, sf. Carne.

**Gruño**, sm. Tocino.

**Gruño**, sm. Cerdo.

**Giche**, adj. Pequeño. ó adv. Poco.

**Gito**, sm. Trigo. Lo mismo significa *ouguia*. Veas.

**Guicho**, pron. Aquél. También significa, *otro*.

**Imes**, pron. Yo.

**Isas**, s. pl. Sopas.

**Jabiarro**, sm. Pelo.

**Jorán**, s. adj. Pobre.

**Labrega**, sm. Dueño de una casa.

**Lapinga**, s. Señora. Lapingas. Señoras.

**Lorda**, s. Pedo.

**Lucerna**, s. Puerta. Ventana. Según el adjetivo que le aplican.- Lucerna dangre. es Puerta. Lucerna giche. es ventana.

**Luz-giche**, s. Mañana (i. e. *luz chica*).

**Llastír**, v. Andar.

**Llastír**, v. Escapar.

**Llastír oreta por la Galrrua**. Escupir.

**Marfusiár**, v. Fumar.

**Melcho**, s. Cura. Párroco. Esta voz tiene la raíz en las lenguas orientales מלך [mlk] Heb. o del arab. ملك [mlk]. Tauriz dice sobre esta voz *Melca* ó *Melec* = «Verbum מלכת [mlkt] subegi, á subigenda massa; מלך [mlk] et אמלך [‘mlk] enim veniunt in validissima ejus subactione: potest etiam exponi, in potestate habui actionem ejus, et pro arbitrio manum meam versare valui». Un cura párroco parece que *subegit*

*massam* y tiene *bajo su potestád* á sus feligreses. También puede derivarse de la raíz 𐤌𐤃𐤍 [majd]. Veas. Erpen. Index Arabicus<sup>4</sup>.

**Mestea**, sf. Uva. Usado siempre en plur. Mesteas. Uvas.

**Morcans**, s. pl. Hijos pequeños.

**Motoa**, sf. Oveja. Motoas. Ovejas.

**Moutina**, sf. Montaña.

**Moxoas**, s. pl. Barbas.

**Muriár**, v. a. Trabajar.

**Muriente da terrageira**, s. comp. Labrador.

**Muriár**, v. Trabajar. Muriár de graxo. fr. Trabajar lijero, ó mucho.

**Nifrado**, sm. Vino.

**Oreta-ira**, sf. Aguardiente.

**Oretár**, v. Llover. it.

**Oretár**, v. Llorár.

**Oreteiro**, sm. Mar.

**Oreteiro**, sm. Rio.

**Ormeár**, v. Rezár.

**Ouguía**, s. Pan. Ouguía, es tamb. Trigo.

**Papilosár**, v. Leér. Papilosar andiamente. Leér bien.

**Papiloso**, s. Libro.

**Para-perre**, v. Estár malo, ó enfermo.

**Parár**, v. Estár.

**Perrez**, s. Hambre.

**Picoa**, sf. Caldera.

**Picón**, sm. Pote, jarro ó vasija de cobre.

**Piltra**, sf. Cama. Esta voz es Jermanesca. La pone Hidalgo en su Vocab.<sup>5</sup>

**Polvorosa**, sf. Pólvora.

**Rangumia**, s. Soldado. Rangumias. Soldados.

**Raula**, sf. Noche.

**Rechela**, sf. Muchacha fea.

**Rechilo**, s. Viento.

**Rechilár**, v. Venteár. Hacer viento.

**Rufaleira**, sf. Una luz ó resplandór cualquiera.

**Rufo**, s. Lumbre.

**Taburo**, sm. Maíz, ó Borona.

**Tafarilla**, sf. Coño.

**Tasca**, sf. Tarde.

**Todeitos**, pron. Nosotros, ó Vosotros.

**Tonxe**, pron. Tú.

**Vedija ó Bedija**, sm. Dueño de la casa.

**Verdea**, sf. Fruta.

**Verdeo**, s. Sangre.

**Verdugo**, sm. Estafadór.

**Verdulantas**, s. pl. Coles.

**Viloiro**, sm. Ciudad.

**Viloiro-guiche**, s. Aldéa.

**Vixios**, s. pl. Ojos.

**Xabeca**, sf. Cabeza.

**Xabrea**, sf. Cabra.

**Xabreár**, v. Andár.

**Xaminorio**, s. Camino.

**Xandoblear**, v. Jugár á los naypes.

**Xandoqui ó Jandoqui**, sm. Gato.

**Xarabelo**, sm. Caldo.

**Xatelo**, s. Leche. ó cosa de leche.

**Xea**, s. Mierda.

**Xe de a luz**, m. adv. Mediodía.

**Xerabia**, sf. Camisa.

**Xellagoria**, sf. Cesta.

**Xespear**, v. Pagár.

**Xido**, s. y a. Bueno.

**Xumpicha**, sm. Compañero.

**Xurufa**, sf. Muchacha bonita, ó bella.

**Zoina**, s. Cura. Párroco.

**Zollo**, sm. Cura. Clérigo.

**Zuardo**, sm. Cuerno.

**Zurita**, sf. Peseta.

**Zurito**, sm. Peso de 20 rs.- Duro.

**Zuro**, s. Cuarto. (La moneda de cobre).

**Zurapaxe**, sm. Dinero.

## 2. Carta do párroco Nicolás Bezares

S.<sup>or</sup> D.<sup>n</sup> Jose Sanchez Balsa

Morillas 31 de Mayo de 1843

Muy S.<sup>or</sup> mio de mi particular aprecio; he recibido su atenta carta seguida á otra q.<sup>e</sup> dirigió a V. el caballero q.<sup>e</sup> la suscribe encargando en ella averigüe si en este pais clasico de canteros, ó pica-pedrerros, hay algun arte q.<sup>e</sup> enseñe su latin, qual pudo ser el origen de ese dialecto, y si lo usan en sus diversiones; y los usos y costumbres q.<sup>e</sup> observan en las bodas, en los entierros, bayles, y metodo de vida; la respuesta la concretaré a los articulos sig.<sup>tes</sup>

1.<sup>o</sup> En 37 años de residencia q.<sup>e</sup> llevo en este curato y mis feligreses enla mayor parte exercen el oficio de canteros asi como los del partido de Montes, Cotovad, Moraña, y Baños de Cuntis, nunca he savido q.<sup>e</sup> el lenguaxe, ó gerigonza le hayan aprendido por reglas gramaticales, ni q.<sup>e</sup> haya libros ó arte ni manuscrito ni impreso, y solo una locucion tradicional sin partes de oracion, careciendo por lo comun de verbos y solo los sustantivos dan el sentido a la oracion con un verbo general. Yo atribuyo q.<sup>e</sup> este dialecto sigiloso lo habran tomado delos vizcainos por exercer estos provincianos el mismo oficio q.<sup>e</sup> los havitantes de esta comarca; y hallandose juntos en las grandes obras, particularm.<sup>te</sup> quando se costruyó el departamento del Ferrol en tiempo delos reynados de Fernando 6.<sup>o</sup> y Carlos 3.<sup>o</sup> estuvo en voga esta algaravia, mas ahora va perdiendo su vida, de suerte q.<sup>e</sup> no se oye termino alguno aun alos mismos q.<sup>e</sup> siguieron el oficio y subsisten estacionarios en sus casas. Si, como dice ese caballero, le aseguraron haver visto una especie de arte, no temo asegurar fue una equivocacion; seria si un apunte de voces y algunas frases q.<sup>e</sup> algun curioso conservaria p.<sup>a</sup> retenerlas en la memoria. Las canciones q.<sup>e</sup> usan las personas de ambos sexos en sus diversiones son en idioma gallego dela clase de tercetos y cuartetos al sonido

de panderetas y en foliadas como se usa en las Mariñas de esa ciudad y de la de Betanzos.

2.º El instrumento musico mas comun p.<sup>a</sup> sus bayles es la gayta de fuele con acompañam.<sup>to</sup> de tamboril, y la danza mas general la q.<sup>e</sup> se llama Muiñeyra como en todo el antiguo reyno de Galicia, con la diferencia q.<sup>e</sup> en unos distritos tiene algunas variaciones en vueltas, pero el compas es uno mismo ó mas apresurado, o mas pausado.

3.º Las costumbres de estos aldeanos y aldeanas es no perdonar ferias y romerias, por manera q.<sup>e</sup> las mugeres agoviadas con el trabajo improbo de toda la semana en cultivar sus tierras, (cuya esplicacion ha de ser en otro articulo) no se desaniman en andar una ó dos leguas con los zapatos en la cesta ó lio q.<sup>e</sup> llevan sobre la cabeza p.<sup>a</sup> disfrutar dela concurrencia y variedad q.<sup>e</sup> ofrece la afluencia, y mejor dicho, p.<sup>a</sup> ver y ser vistas: los hombres aunq.<sup>e</sup> no tan curiosos siguen la misma costumbre como hijos de madres.

4.º Las bodas y entierros no presentan particularidad digna de notarse, las primeras sin mayor aparato se celebran con alegria con bayles y foliadas, y los segundos acompañando a los cadaveres las personas mas llegadas con los llantos y voces lastimeras propias del dolor q.<sup>e</sup> es de suponer.

5.º y ultimo. El metodo de vida de estas gentes es el sig.<sup>te</sup> Los varones cumpliendo 15 años poco mas ó menos siguen asus padres, parientes, o vecinos para el aprendizaje de canteros, y muchos de carpinteros; por enseñarles el oficio generalm.<sup>te</sup> nose interesan mas q.<sup>e</sup> en una parte del jornal, siendo estraños: salen á principios de Abril y vuelven á sus casas por Nov.<sup>te</sup> y Dic.<sup>te</sup> se estienden fuera de Galicia al reyno de Leon y el [de] Portugal. En toda esta temporada las mugeres labran sus tierras, siegan los centenos[,] siembran el maiz, lo escardan, caban, y recogen: cuydan del ganado vacuno, q.<sup>e</sup> abunda en estas montañas, y finalm.<sup>te</sup> cuando llegan los hombres de afuera hallan recogida su cosecha en la q.<sup>e</sup> se incluyen las patatas, y durante el invierno se emplean los hombres en los mas propios trabajos de su esfera y las mugeres en hilar el lino de su cosecha. Es la razon q.<sup>e</sup> puede dar por lo pronto su atento capellan Q. B. S. M.

Nicolas Bezás [rubricado]

### 3. Vocabulario da *pantoja*: xiria-castelán<sup>6</sup>

**Quicoa** es Dios  
**Drame** es Madre  
**Drape** es padre  
**Jimeo** es ijo  
**Brocino**<sup>7</sup> es Sobrino  
**Billalon** es trigo  
**oguia** es p.<sup>n</sup>  
**aragua** es Carne  
**ordallo** es tocino  
**algarabaios** son Garbanzos  
**algarabaias** alubias  
**Ardoa** es bino  
**oreta clamo** es aguardiente  
**alcaria** es aceite  
**esclamentin** es pescao  
**Papelosos** son papeles  
**Chirron** es Carro  
**iriones** son buעים  
**irionas** son Bacas  
**candiotas** son Cubas  
**Sotanganas** son tablas  
**Sotanganos** son Palos  
**Gumaros** son buebos  
**Gomaras** son Gallinas  
**Mandolas** son burras y ieguas  
**Mandolos** son bur[r]os  
**Jaule** es la Cama  
**Ciba** es la Casa  
**Camargo** es el tejaio  
**Maragotas** son Castañas  
**Masteas** son ubas  
**berdegosas** son Manzanas y peras

**Cabezon** es la Sal  
**Soria** es la pez  
**mota** es Sebo  
**Bringasua** es arma de Fuego  
**Ciba de quicoa** es la Yglesia  
**Caligo** el cura  
**yimes** yo  
**hernamo** hermano  
**chandoco** el Gato  
**chacur[r]o** el per[r]o  
**Calcor[r]os** los zapatos  
**Faratulas** los Calzones  
**arpiona** la chaqueta  
**Sandaniega** la camisa  
**Chapeo** el Sombrero  
**tansos** los Santos  
**Zaime** Maiz  
**chingarras** Campan.<sup>s</sup>  
**Mangar[r]ias** Soldados  
**llatres** ladrones  
**Caligo** Cura  
**Farfole** Fraile  
**Villorio** pueblo  
**La ra[c]ha** noche  
**Legun** el dia  
**Culimaina** puta  
**Surguina** bruja  
**arguina** Cantero  
**Candiotero** Cubero  
**ter[r]aguza** tierra  
**Jimea** ija

#### 4. Vocabulario da *pantoja*: castelán-xiria

**Escopeta.** Bringasua.

**Cuchillo.** Cuton.

**Tijeras.**

**flaco.** Nete aguiches de araguaia.

**Risa.** Llardea.

**Morir.** Arrupar.

**Pantalon.** Faratulas.

**fuera.** Aruefa.

**Gallina.** Gomara.

**Huevos.** Gumaros.

**Palo.** Sutangano.

**Dar de palos.** Para sutanganazos.

**Leña.**

**Cuchara.**

**Boca.** Gomia.

**Galicia.** Arengues.

**Comér.** Jalear.

**Hablar.** Besbear.

**Carne.** Araguaia.

**Tocino.** Ordallo.

**Cerdo.** Ordeaco.

**Pequeño.** Chiprin.

**Poco.** Aguichis.

**Trigo.** Billalon.

**Aquél.**

**Otro.** Yru.

**Yo.** Eo ó Yimes.

**Sopas.** Caldosas.

**Pelo.** Lepo.

**Pobre.** Drope.

**Dueño de una casa.** Man de nuga ciba.

**Señoras.** Ñorosas<sup>8</sup>.

**Puerta.** Ortea.

**Ventana.** Chiprina.

**Mañana.** narama.

**Luz chica.** Sua chiplina.

**Andár.** Andarigar.

**Escapar.** Llascir.

**Escupir.** Oretear por la gomia.

**Fumar.** Manfullar.

**Cura Parroco.** Caligo Drangue.

**Uvas.** Masteas.

**Manzanas, y Peras.** Berdegosas.

**Hijos pequeños.** Jimeos chiprines.

**Ovejas.** Motonas.

**Montaña.** Terraguza Drangue.

**Barbas.** Bizarras.

**Trabajar.** Murear.

**Labradór.** Mureador de la Terraguza.

**Trabajar mucho.** Murear chum.

**Vino.** Ardoa.

**Aguardiente.** Oretaclamo.

**Llover.** Oretear.

**Llorár.** Oretear por las llampas.

**Mar.**

**Rio.**

**Rezar.** Murear los vevos de Q[u]icoa.

**Pan.** Oguía.

**Trigo.** Billalon.

**Leér.** Morear papelosos.

**Leér bien.** Morear yemen.

**Libro.**

**Estar malo ó enfermo.** Parar dongo en jaule.

**Estár.**

**Hambre.** Nejo Ajateo.

**Caldera.** la Balmaseda donde se muere los arpeos.

**Pote, jarro ó vasija de cobre.** Cascoso.

**Cama.** Jaule.

**Polvora.**

**Soldados.** Mangarrias.

**Noche.** Racha.

**Muchacha fea.** Murcata donga.

**Viento.** Orza.

**Hacer viento.** Orza para.

**Lumbre.** Sua.

**Maíz ó Borona.** Artifa.

**Tarde.** Darde.

**Nosotros ó Vosotros.** Yutes.

**Tú.** Yutes<sup>9</sup>.

**Dueño de la casa.** Man de la ciba.

**Frutas.** Berdegosas.

**Sangre.**

**Estafador.** Aticacle á trugos lo que me para de lligue.

**Coles.**

**Ciudad.** Villorio Drangue.

**Aldea.**

**Ojos.** Llampas.

**Cabeza.** Morua.

**Cabra.** Verreonas.

**Andar.** Andarigar.

**Camino.** Andariego.

**Jugar a los naypes.** Morear las pape-  
losas.

**Gato.** Chandoco.

**Caldo.** Oreta del pinato.

**Leche.** Oreta clamo de la Yriona.

**Mediodía.** Yemolegun.

**Camisa**<sup>10</sup>. Atalear los verbos de Quicoa.

**Cesta.**

**Pagár.** Zasppear.

**Bueno.** Yemo.

**Compañero.** Moncanero.

**Muchacha bonita, ó bella.**

**Cura, clérigo.** Caligo.

**Peseta.** Puda.

**Peso de 20 rs. Duro.** Sepudorgo.

**Cuarto (de cobre).** Zasppe.

**Dinero.** Morras.

**Madre.** Drame.

**Padre.** Drape.

**Hijo.** Jimeo.

**Sobrino.** Brocino.

**Gallinas.** Gomaras.

**Bacalao.** Esclamentin.

**Papeles.** Papeposos.

**Cubas.** Candiotas.

**Tablas.** Sotanganas.

**Palos.** Sotanganos.

**Burras y Yegüas.** Mandolas.

**Burros.** Mandolos.

**Cama.** Jaule.

**Tejado.** Camargo.

**Castañas.** Maragotas.

**Sal.** Cabezón.

**Pez.** Soria.

**Sebo.** Mota.

**Arma de fuego.** Bringasua.

**Yo hermano**<sup>11</sup>. Yimes.

**Gato.** Chandoco.

**Vestida.** nopios los arpeos.

**Taza.** Cascosa.

**Prender.** Atrengar.

**Alforjas.**

**Sastre.** Alfayaque.

**Ladron.** Llatre.

**Robar.**

**Onza de oro.** Llampa.

**Sentarse.** Atensarse.

**Acostarse.** Jaularse.

**Trucha.**

**Vaca.** Yriona.

**Cantero.** Arguina.

**Rico.** Niete chumas morras.

**Piedra.** Ria.

**Llenar.** Chinguir.

**Sol.** Uzquie.

**Dormir.** Jaular.

**Vino.** Ardoa.

**Taberna.** Bayuca.

**Maestro.** Tresmo.

**Sartén.** La cascosa adonque se murea el ordallo.

**Dios.** Quicoa.

**Yglesia.** Ciba de Quicoa.

**Santo.** Tanso.

**Zapatero.** Calcorrista.

**Reló.** El q.<sup>e</sup> torra la[s] rogas.

**Costilla.**

**Cara.** Brusca.

**Frayle.** Farfole.

**Castilla.**

**Manteca.** Restana.

**Aceyte.** Alcaria.

**Casa.** Ciba.

**Carpintero.** El q.<sup>e</sup> murea en el maderamen.

**Patatas.** Verdegosas de la Terraguza.

**Garbanzos.** Algarabayos.

**Aluvias.** Algarabayas.

**Perro.** Chacurro.

**Carro.** chirron.

**grande.** Drang[u]e<sup>12</sup>.

**Correr mucho.** Roquer chum.

**Bueyes.** Yriones.

**Perro.** Chacurro.

**Zapatos.** Calcorros.

**Calzones.** Taratulas<sup>13</sup>.

**Chaqueta.** Arpiona.

**Camisa.** Sandaniega.

**Sombrero.** Chapeo.

**Santos.** Tansos.

**Maíz.** Zaima.

**Campanas.** Chingarras.

**Soldados.** mangar[r]ias<sup>14</sup>.

**Ladrones.** Llatres.

**Pueblo.** Villorrio.

**Noche.** Siana.

**Dia.** Legun.

**Bruja.** Surguina.

**Cubero.** Candiotoero.

**Tierra.** Terraguza.

1. Nugo.

2. Vativi.

3. Vativi irú.

4. Vativi-irulao.

5. Vativi yrulao y nugo.

6. Yemaruquena.

7. Yemaruquena y nugo.
8. Yemaruquena y vativi.
9. Yemaruquena y vativi irú.
10. Yemaruquena y vativi-irulao.

<sup>1</sup> O noso traballo parte dunha lectura previa dos vocabularios feita por Antón Santamarina.

<sup>2</sup> Debemos a súa transcripción e interpretación, así como a identificación de referencias bibliográficas e outras noticias, a Albert Calles Gallofré e Theo Loinaz, a quen expresamos o noso agradecemento.

<sup>3</sup> A parte final deste prefacio, só unhas poucas letras, queda oculta polo cosido da encadernación.

<sup>4</sup> A obra referida é a *Grammatica arabica cum fabulis Lokmani...* (1767) do erudito orientalista holandés Thomas van Erpe ou Thomas Erpenius (1584-1624), que efectivamente contén un “Index arabicus” (p. 605 e ss.). A cita foi extraída das pp. 490-491 da dita obra (pódese consultar o exemplar que pertenceu a Luis Usoz na BN, sinatura U/5570). Tauriz[ius] é a versión latina do nome Attabrizí (‘da cidade de Tabriz’), o escoliasta (1030-1100) autor dun comentario das *mu‘allaqat*, as alfaias da antiga poesía árabe preislámica.

<sup>5</sup> Refírese ao “Vocabulario” incluído por Juan Hidalgo na súa compilación do *Romancero de germanías*, publicado orixinalmente en 1609 e con numerosas edicións posteriores.

<sup>6</sup> Dispuxemos en columnas o texto, que aparece todo seguido no orixinal.

<sup>7</sup> A lectura é dubidosa e talvez poña *Brosino*; o autor do doc. 4 recolle tamén *Brocino*, seguramente seguindo a lectura do doc. 3.

<sup>8</sup> Talvez *Ñerosas*.

<sup>9</sup> No manuscrito, *id*, en alusión á forma *Yutes* da entrada anterior.

<sup>10</sup> Probable erro de copia por *La misa*.

<sup>11</sup> Esta entrada provén dunha mala lectura do doc. 3. Mesturáronse nela dúas entradas diferentes que aparecen seguidas na fonte: “yimes yo” e “hernamo hermano”.

<sup>12</sup> Talvez poña *drango*, pero restituímos *drangue* en consonancia co que rexistran as entradas *Cura parroco*, *Montaña* e *Ciudad* deste mesmo vocabulario. A lectura non é clara debido a unha rotura da folia.

<sup>13</sup> *Taratulas* é un erro de copia por *Faratulas*, como aparece no doc. 3. Cf. *Pantolon Faratulas* no doc. 4.

<sup>14</sup> Escrito *mangarias*, cun só *r* debido á grafía da fonte, o doc. 3; así e todo, tamén se registra a forma correcta noutra entrada do doc. 4.